



## REUNIÓN CONSELLO PARROQUIAL LOURIZÁN (31/05/16)

### ASISTENTES:

- Asociación de veciños Estriceres
- Comunidade de Montes
- ANPA Ceip a Carballeira
- ANPA Ceip Sagrado Corazón de Praceres
- San Andrés CF
- Asociación cultural Pousos da Area
- Asociación de mulleres rurales ARMEL
- Comisión de Festas

O concelleiro delegado da parroquia Demetrio Gómez reúne cos membros do consello parroquial de Lourizán coa seguinte orde do día:

1. Obras en rúas competencia da Xunta
2. Usucapion
3. Casa de Cultura

### **1.- Obras en rúas competencia da Xunta**

A Xunta de Galicia fixo chegar ao Concello un escrito onde se solicitan necesidades ou suxestións de actuacións relacionadas coa mobilidade sostible ao longo das estradas de titularidade autonómica dentro dos límites do termo municipal. Hai que incluír alqueles treitos que se consideren, pola súa configuración urbana ou afluencia de peóns e ciclistas, poderían ser obxecto de estudo. A anterior CMATI, no seu Plano de Seguridade Viaria de Galiza (PSVG) 2011-2015, fixa como obxectivos estratéxicos, entre outros: 1. Promover contornos urbanos seguros; 4. Protexer aos usuarios máis vulnerábeis; e 7. Mellorar a coordinación entre Administracións, obxectivos cos que ven traballando este concello dende o ano 2004, despois das reunións da denominada M-4, Mesa de Traballo pola mobilidade sustentable, e que xuntara ás catro administracións con competencias en mobilidade dentro do termo municipal.

O Concello propón na parroquia de Lourizán a reforma da estrada PO-546. Pontevedra (Fernández Ladreda) – Marín (PO-551)

Entre os PP.KK. 0+500: este treito de características eminentemente urbanas, serve de acceso a importantes dotacións, entre elas a Casa do Mar, o parque de Mollabao e o circuito infantil de tráfico da Policía Local. Xa no seu día o concello solicitara da administración autonómica a limitación da velocidade a 30 Km/h, ao igual que está no resto da cidade, a sobreelevación dos pasos de peóns existentes e a implantación de dous novos pasos nos PP.KK. 0+100 e 0+310. Existen solicitudes da Asociación de Veciños San Roque e de particulares pedindo a aplicación de este tipo de medidas de calmado de tráfico.

Entre os PP.KK. 0+500 e 4+100: podería estudarse a implantación dunha pista bici pola marxe dereita (sentido de circulación cara a Marín) dado o elevado número de ciclistas e a prohibición para este medio de transporte de utilizar as estradas PO-11 e PO-12

Entre os PP.KK. 4+100 e 4+300: dende a glorieta de acceso aos Praceres ata a glorieta do Porto, a permeabilidade transversal dos peóns é imposible, non existe nin un paso de peóns que permita atravesar en condicións seguras e accesibles.

Entre os PP.KK. 3+700 e límite con Marín: mesmo tratamento que o treito inicial, dadas as características de urbano consolidado que, en xeral, presenta a estrada nos Praceres e Etribela. Demetrio Gómez entrega a todos os asistentes unha copia do informe enviado á Xunta de Galicia. Todos os asistentes mostran a súa conformidade, mentras que a Asociación de veciños Estriceres opónse ata que non se prohiba a circulación de tráfico pesado pola estrada, debido a posibles vibracións que produzan nas vivendas os camións ao seu paso polos reductores de velocidade (lombos).

## **2.- Usucapion**

En relación co tema plantexado no anterior consello parroquial da ocupación por parte dun particular dunha zona na praza do Regueiriño, o concelleiro entrégalles aos presentes o seguinte escrito:

1.- Este espazo é un ben de dominio público, cuxo carácter está definido na Constitución do 78

- **“Artigo 132**

1. A lei regulará o réxime xurídico dos bens de dominio público e dos comunais, instirándose nos principios de inalienabilidade, imprescriptibilidade e inembargabilidade, así como a súa desafectación.
2. Son bens de dominio público estatal os que determine a lei e, en todo caso, a zona marítimo-terrestre, as praias, o mar territorial e os recursos naturais da zona económica e a plataforma continental.
3. Regularanse por lei o patrimonio do Estado e o patrimonio nacional, a súa administración, defensa e conservación.”

- a) Inalienabilidade: non se poden vender
- b) Imprescriptibilidade: non se poden obter por usucapión
- c) Inembargabilidade: non se poden embargar

2.- Pasos administrativos que se están a dar:

- a) Elaboración polo departamento de Patrimonio dun Expediente de Titularidade Pública
- b) Ocupación de oficio do lugar.

## **3.- Casa de cultura**

Lourizán disporá a medio prazo dun gran centro social multiusos no que as distintas asociacións veciñais e colectivos sociais da parroquia compartirán espazos e servizos. Será o resultado da reforma integral do actual centro social de Etribela que comparte instalacións co vello mercado baleiro. Na actualidade hai un posto de carnicería no mercado, que si non se chega a un acordo co propietario manterase nunha esquina do novo centro ata que lle venza o contrato en vigor.

Nesta xuntanza tratouse de definir dun xeito consensuado o catálogo de necesidades do novo centro e falar dun proxecto demandado dende hai anos pola veciñanza da zona.

Representantes sociais e concelleiro apuntaron a necesidade de dispor no novo dentro de espazos insonorizados con obxectivo de poder desenvolver actividades musicais e tamén actividades simultáneas sen estorbos. Tamén ven necesario un espazo amplo, diáfano e multifuncional con equipamento audiovisual para a realización de actividades moi concorridas.

Por outra banda dende o consello parroquial de Lourizán insistíuse en que cun único despacho-sala de xuntas chegaba para todos. Nel, iso si, haberá que poñer armarios individuais para que cada asociación e colectivo garde as súas cousas.

Na mente de todos estaba o medelo da Casa Verde, o centro social de Salcedo.

O concelleiro Demetrio Gómez traslada agora o programa de necesidades aos servizos técnicos municipais para que fagan o proxecto de reforma e remodelación integral do centro de Etribela. O

anteproxecto será levado ao Consello parroquial para que o coñezan e fagan suxestións antes da súa licitación